

HISTORIA DA MÚSICA E DA DANZA (HDM) 2º BACHARELATO

A música neste último curso de Bacharelato, pretende ofrecer unha visión xeral das distintas etapas da música de todos os xéneros musicais dunha maneira vivencial e práctica. Todos os traballos que se fagan na aula terán unha dobre finalidade: a súa dimensión de aprendizaxe teórico- práctica, e a presentación da actividade a través de concertos didácticos e/ ou saídas á participación de distintos eventos.

No primeiro trimestre, a asistencia a concertos e lugares de documentación/investigación relacionados cos contidos da materia, servirán de base para a percepción, análise e documentación.

O apartado das Artes Escénicas tamén xoga un papel importante neste curso. A danza, a dramatización e a produción musical teñe a súa presenza (audio, cine) con traballos representativos das distintas etapas da Música.

A avaliación versará sobre exercicios prácticos e de repertorio.

Non esquezas que este último será máis interesante, se fas as túas achegas e suxerencias para adaptarse aos teus gustos e intereses. O repertorio tamén será unha oportunidade para practicar e perfeccionar o teu instrumento favorito.

En cada trimestre haberá un proxecto musical colaborativo no que participa toda a clase. A planificación, organización e creatividade sobre un tema proposto será presentado sempre que se poda en formato audiovisual, e se exporá en audicións públicas ou en participación en concursos.

Nas saídas complementarias inclúense a asistencia a concertos organizados pola Fundación ABANCA e audicións en distintas institucións da contorna (Residencia de Maiores, eventos que organice o concello, etc)

